



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E
 XUSTIZA
 Secretaría Xeral



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Dirección Xeral de
 Desenvolvemento Rural



**SOCIEDADE PARA O
 DESENVOLVEMENTO COMARCAL
 DE GALICIA**



CONCELLO DE RIOTORTO

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA TOPONIMIA DO CONCELLO DE RIOTORTO

CASA DA CULTURA DE RIOTORTO

O VENRES 14 DE DECEMBRO DE 2007 ÁS 12:00



O PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA

A microtoponimia (nomes de terras, montes, valgadas, regueiros, fontes, penedos, muíño...) deste concello recolleuse dentro do marco do Proxecto Toponimia de Galicia. Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, naceu no ano 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo.

Galicia conta con milleiros de topónimos. Esta abundancia de nomes viuse favorecida pola dispersión dos núcleos de poboación; a enorme repartición da terra (minifundismo); unha orografía irregular e dificultosa; a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros; a variada vexetación... e a propia idiosincrasia dos galegos de querer nomear cada anaquiño da súa terra. Estas circunstancias permitiron que exista en Galicia este abundantísimo e riquísimo manto toponímico que cobre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizándoa e engadíndolle un amplo pouso histórico de incalculable valor.

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste avoengo tesouro toponímico. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a toponimia galega, confeccionando unha base de datos a través dunha exhaustiva e coidadosa recolleita oral, transcripción e revisión científica de cada nome. Será unha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proxecto emprega unha novidosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIX (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.

PROGRAMA

11:30 h Exposición das fotos

12:00 h Acto de presentación

13:00 h Viño de clausura

Intervirán:

Federico Xosé Gutiérrez Estoa

Alcalde de Riotorto

María Sol López Martínez

Secretaria Xeral de Política Lingüística

Xosé María Eloi Villada Legaspi

Xefe do Servizo Provincial de Fogga

Xermán García Cancela

Director do Proxecto Toponimia de Galicia e secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia

Óscar Castro Castedo

Coordinador dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia no SITGA

Antonio Vidueiro Rodríguez

Técnico de campo

